




# RÍO OURO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 30 km en coche e pequenas camiñadas  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** unha xornada



Esteiro do Ouro en Fazouro (Foz).

O río Ouro nace no Pico do Cadramón (Serra do Xistral) e despois dun percorrido de 30 km por terreos dos concellos de Valadouro, Alfoz e Foz desemboca na pequena ría da Fazouro. Na desembocadura forma unha ampla marisma e a barra areosa da praia de Fazouro. Os tramos medio e baixo do seu curso, desde Frexulfe, están protexidos no LIC "Río Ouro". Os ecosistemas máis interesantes deste espazo son os bosques de ribeira ao longo de todo o curso do río, as lagoas, as marismas e os areas da desembocadura. Propoñemos un percorrido duns 40 km para achegarnos aos puntos de maior interese que se atopan ao longo do curso do río.  
sita para o que temos que alongar o percorrido outros 5 km.



Nacentes do Rego da Furna, as fontes máis alonxadas do Ouro.



## COMO CHEGAR

Comezamos a ruta na desembocadura, en **Fazouro**, onde podemos ver a saída ao mar, canalizada, o esteiro e as distintas pontes que o cruzan, a nova e a vella da estrada e a do tren, e no fondo do esteiro a **ponte vella**, desde aquí unha ruta a pé remonta o curso do río ata o atranco da Pena da Ruxida. Nos seguimos a ruta pola estrada ata un pouco antes de chegar á Teixeira (uns 6,5 km despois de empezar a ruta), onde, baixando polo souto, tamén podemos achegarnos á **Pena da Ruxida**. A uns 7 km do inicio atopamos unha piscifactoría e un pouco máis adiante o atranco que desvía a auga para abastecela que ao rebordar por enriba semella unha ferverza, seguimos ata o Raxal onde collemos a estrada a Bacoí (Entre Bacoí, os muíños de Damián, e Maciñeira pódese facer a ruta do río Ouro, a pé, que remonta o curso do río ao longo de oito km, case todo o percorrido do Ouro polo concello de Alfoz). De Bacoí continuamos cara a San Antonio, onde cruzamos o río para seguir ata **A Seara** e achegarnos ao lugar da Capela do Conde donde, despois de cruzar o río e seguindo un curto tramo da ruta do Ouro podemos ver unhas das **pozas** máis importantes da beira do río. Desde alí podemos coller por Vilaúde cara a Ferreira para achegarnos ao **pozo da Onza**, ou seguir pola Granda e Loureiro a Recaré e a Frexulfe, onde remata o espazo protexido e comeza a parte das ferverzas: a primeira atopámola á beira da estrada ao pouco de saír de Frexulfe, no rego da **Fraga das Lérias** que baixa do Xistral, alta pero con pouca auga no verán, as outras están preto de San Xurxo, unhas no rego de Corvelle e a outra no Escouridal. Para achegarse a elas hai que coller a estrada que sae ao pé da igrexa, e vai polo Pereiro á Seara, e nela primeiro o desvío á esquerda para ir ás Rozadas, para ver as do **rego de Corvelle**, a máis grande de moi difícil acceso e que só se pode ver de lonxe desde unhas pedras no medio do monte, e, de volta na estrada, un pouco máis adiante o desvío á dereita a Liñarega, Abeleira e Esteleiro, uns 2 km, e logo un carreiro que beirando o monte nos leva ao río que remontaremos ata chegar ao pé da ferverza. A ferverza do **Escouridal** tamén se pode ver de lonxe se continuamos un pouco máis adiante pola estrada principal, a que baixa ao Pereiro. De volta en San Xurxo seguimos cara á serra ata o Campo, onde chegamos ao LIC Serra do Xistral, a estrada é lindeira do espazo protexido, uns km máis adiante, debaixo do Cadramón, antes de atopar o desvío que polo parque eólico sube ao seu cume, chegamos ao Campo da Cruz e a Veiga Rubia onde se atopan as **fontes do río Ouro**, aínda que as máis lonxanas están no **Rego da Furna** que se forma coas augas que se xuntan nas Barreiras da Lagoa que se atopan detrás do Cadramón ao que non podemos deixar de facer unha visita para o que temos que alongar o percorrido outros 5 km.



Atranco na Pena da Ruxida.



Ponte sobre o Ouro, na Seara, do século XVIII.



Lagoas en San Pedro Mor.







Fervenza no rego da Fraga das Lerias (Frexulfe-O Valadouro).

**Fervenza da Onza** No lugar de San Cristobo, parroquia de Budián (O Valadouro). No rego Val dos Infernos, afluente do río Ouro.

**COMO CHEGAR:**

Á entrada de Ferreira cóllese a vella estrada que vai a Burela e antes de chegar a Budián hai un indicador que sinala Pozo da Onza. Ao chegar ao lugar de San Cristobo hai un sendeiro que en 500 m conduce á fervenza.



**Rego de Corvelle**

**COMO CHEGAR:** desde San Xurxo do Cadramón cóllese, ao pé da igrexa, a estrada ao Pereiro e nela o primeiro desvío á esquerda que vai ás Rozadas. Dentro da localidade o desvío á esquerda e a douscentos metros un camiño á esquerda, que logo desaparece. Hai que camiñar cara á dereita por entre os eucaliptos ata un punto no que se ve un resalte rochoso ao outro lado do val e varios grupos de pedras pola beira que imos. Hai que achegarse a elas, por entre o mato por onde se poida, deixándoas sempre á esquerda, pola dereita a caída é vertical e o acceso imposible. Subindo ao grupo de pedras do medio temos unha boa vista da fervenza. Para ver as fervenzas pequenas, da parte alta, pódese ir desde as Rozadas collendo un camiño á esquerda que baixa ao río e cruzalo. Xusto despois cóllese un camiño á dereita que vai a uns muíños en ruínas, entre os que están as fervenzas. Tamén se pode ir saíndo do Cadramón cara a Ferreira e, pasado o río, coller o primeiro camiño á dereita ata chegar ao río e, sen cruzalo, o camiño á esquerda que vai aos muíños.

**Fervenza do Escouridal.** No rego de Guilfonso (primeiro tramo do Ouro). No linde entre O Cadramón (O Valadouro) e O Pereiro (Alfoz). Unha sucesión de saltos e tobogáns en rochas graníticas que en conxunto acadan uns 70 m de altura.

**COMO CHEGAR:** en Asteleiro déixase o coche e a carón dos hórreos collése un carreiro, á dereita, que atravesa a eira dunha casa e baixa cara ao río rodeando o monte onde podemos ver unha pequena fervenza. Logo continuamos subindo e chegamos á parte baixa da fervenza principal (1 km). Outra ruta condúcenos á parte alta da fervenza onde podemos ver unha sucesión de pozas e pequenos saltos entre grandes laxes. Vaise polo camiño de terra que sae da parte alta de Asteleiro nun punto onde hai unha cruz.

Séguese sempre pola esquerda e despois de 1 km aproximadamente báixase ao río por un carreiro entre o mato. Hai que guiarse polo ruído da auga.

